

JOSÉ PARDO LOMBAO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.-

INFORMA:

Que o Concello de Outeiro de Rei dispón dende o pasado 29/09/2010 dun servizo de orientación laboral dirixido á realización de **actividades de información, orientación e busca de emprego** que se presta na Casa da Cultura de Outeiro de Rei, de luns a venres, en horario de 9:00 h a 14:30 h.

Entre as tarefas que se realizan neste servizo son de destacar: a captación de ofertas de traballo, a actualización do curriculum vitae dos demandantes de emprego que sexan remitidos polo Servizo Público de Emprego e a realización de accións de xeito personalizado coa finalidade de avaliar o perfil curricular de cada demandante, establecendo actuacións tendentes a adecuar os seus intereses e motivacións á situación actual do mercado de traballo.

Informase tamén que próximamente terá lugar en Outeiro de Rei a seguinte charla:

☞ QUE FACER SE O MEU FILLO NON QUERE ESTUDAR:ORIENTACIÓNS PARA PAIS CON FILLOS EN SITUACIÓN DE ABANDONO ESCOLAR	
DATA:	15/10/2010
HORA:	20:00 h
LUGAR:	SALÓN DE ACTOS DA CASA DA CULTURA DE OUTEIRO DE REI

Nesta charla , un profesional da educación dará orientacións aos pais e nais interesados para que poidan axudar aos seus fillos/as a tomar decisións sobre o seu futuro, sobre as posibilidades educativas e profesionais que ofrece o entorno, etc.

Está charla é gratuíta e está incluída dentro do programa de apoio á educación fóra do horario escolar financiado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o propio Concello de Outeiro de Rei.

Outeiro de Rei, 5 de outubro de 2010

O alcalde,

